

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia, s,
15930 BOIRO (A Coruña)
Correo electrónico: correo@boiro.o
Páxina web: www.boiro.o
Aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada con data 20 de maio de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,

N.º R. E. L. 01150119



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE BOIRO.

1.- OBXECTO DA CONTRATACIÓN

Constitúe o obxecto do contrato a prestación dun servizo de asesoramento xurídico adscrito ao Centro de Información á Muller do Concello de Boiro. Establécense as seguintes funcións que debe realizar o/a profesional e que constitúen o obxecto do contrato:

Licenciado/a en dereito:

- Información e asesoramento xurídico.
- Participación nas actividades do Centro de Información á Muller.
- Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

Horario:

O servizo de asesoramento xurídico prestarase os mércores en horario de 8.00 h a 14.00 h.

No suposto de que o servizo establecido coincida en festivo, substituirase por outro día hábil da semana.

As ausencias do servizo comunicaranse por escrito ao Concello e logo de autorización do concelleiro/a da área, e será obriga do adxudicatario proporcionar outro profesional que o/a substitúa no devandito servizo.

O desempeño das funcións estará inspirado polos seguintes principios:

- a) O anonimato na identidade das usuarias, salvo decisións en contrario destas.
- b) O respecto á vontade das usuarias na busca das posibles solucións e alternativas ás consultas expostas.
- c) A gratuidade de todos os servizos que se houberan de prestar, e todo iso atendendo á vocación de servizo público.
- d) O respecto ao principio de confidencialidade por parte do persoal do Centro de Información ás Mulleres, que garantirá a privacidade das comunicacións, salvo vontade en contra das usuarias.

2.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O contrato do servizo terá unha duración de oito meses e contará a partir do día seguinte á súa formulación. Prorrogable por oito meses máis por mutuo acordo das partes antes da súa finalización.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 980
Fax, 981 844 008




Praza de Galicia, s,
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.g
páxina web: www.boiro.g

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Aprobado pola Xunta de
Goberno na sesión realizada con
data 30 de abril de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,



3.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

Ademais das que con carácter xeral sinala o PCAP son obrigas do contratista:

- Serán obrigatorias para o contratista as melloras de execución que poida ofrecer no proceso de selección, de acordo coa súa regulación específica e sempre que se consideren aceptables por parte dos responsables técnicos municipais.
- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- O contrato outórgarase a risco e ventura do adxudicatario, quen asume a responsabilidade civil e as obrigas fiscais que se deriven do cumprimento ou incumprimento contractual. O contratista está obrigado a subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 15.000 euros, que cubra as posibles indemnizacións a terceiros de acordo co artigo 198 da LCSP, póliza que deberá manter vixente durante a execución do contrato.

4.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios que servirán para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente máis vantaxosa serán os que a continuación se sinalan cos criterios de ponderación ou valoración que se indican e que se especifican no PPT.

Criterios de adxudicación	Ponderación
1.- O prezo do contrato: valorarase aplicando a seguinte fórmula: Puntos = baixa da oferta/ maior baixa por 6	6 puntos
2.- Melloras ofertadas polo contratista: consistente nun incremento do tempo de servizo semanal, valorándose en 1 punto a ½ hora semanal.	4 puntos

5.- ORZAMENTO

O prezo do contrato ascende á cantidade de 4.000,00 €, para oito meses de duración do contrato.

Boiro, 25 de abril de 2013
Asdo. Milagros Tubío Chouza
Colex. 982

